



Katherine Johnson

DRAVXS

*Katherine
Johnson*
(de solteira Coleman
1918-2020)

Ilustración: Marta Riera / marta@matariera.com

A segregación racial, que impedía estudar as persoas negras nos EUA, obrigou a súa familia a mudarse para poder formarse. Rematou a secundaria con 14 anos e con 18 os graos en Matemáticas e en Francés.

Foi profesora ata entrar como «calculadora» na NACA (despois NASA), onde as científicas negras traballaban separadas do persoal branco. Estas mulleres eran as que realizaban a man as operacións de cálculo da carreira espacial.

Encargouse dos cálculos do proxecto Mercury e do Mercury Redstone 3, e cando a NASA empezou a usar computadoras pasou a verificar os datos. Calculou a traxectoria do Apolo 11, a sincronización do módulo lunar co orbital e a volta do Apolo 13. Participou no Space Shuttle e nos plans da misión a Marte ata xubilarse en 1986.

Pese á relevancia do seu traballo, tardou en ser recoñecida pola dobre discriminación como muller e como persoa negra. Hoxe é unha referencia e no ano 2017 a NASA nomeou un edificio como Centro de Investigación Computacional Katherine G. Johnson. Recibiu o premio Matemática do Ano (1997) e a medalla presidencial da liberdade dos EUA (2015).

A película *Hidden Figures* (2017) conta a súa historia e a das súas compañeiras na NASA Dorothy Vaughan, Mary Jackson, Christine Darden e Gloria Champine.

Universidade de Vigo

Unidade
de Igualdade

Cátedra de
Feminismos 4.0

 DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA